



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral Técnica

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 18013 / RX 268810

Data 20/02/2017 14:04:19



**CI3**

asociación ASOTRAME  
RÚA VIDRIEIRO, 32, BLOQUE 4  
15570 NARON (A Coruña)

**Asunto:** Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 03/02/2017 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por D/Dona CRISTINA PIÑEIRO COUCE en nome e representación da asociación **GALLEGA DE AFECTADOS POR TRASPLANTES MEDULARES ASOTRAME GALICIA**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2013/017360-1ª, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 13/01/2017, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

PRESIDENTA	CRISTINA PIÑEIRO COUCE
VICEPRESIDENTA	JESSICA RODRÍGUEZ CORTIZAS
SECRETARIO	DAVID VIVAR VIZOSO
TESOUREIRO	ALEJANDRO RODRÍGUEZ PIÑEIRO
VOGAL	LAURA MOLERO RODRÍGUEZ
VOGAL	LAURA GUERRERO MELIÁ

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación **GALLEGA DE AFECTADOS POR TRASPLANTES MEDULARES ASOTRAME GALICIA** de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede  
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

Vº e prace:  
O subdirector xeral de Réxime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

